

RESUMO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO DEPARTAMENTO DE INGLÉS

CURSO 2022-23

CPI DA CAÑIZA

Este documento é un resumo da programación didáctica do departamento de inglés para o curso 2022-23. Neste resumo están incluídas as seccións que poden resultar de maior interese para o alumnado e as familias, pero poderán consultar a programación completa e detallada nesta mesma páxina web.

Cómpre ter en conta que este curso as programacións de 1º e 3º de ESO se realizarán de xeito diferente e en datas diferentes, polo que este resumo só inclúe as de 2º e 4º de ESO, que son as que están rematadas e entregadas no momento en que se prepara este resumo. Engadirase información de 2º e 4º tan pronto como sexa posible.

1. Composición do departamento de inglés

LUCÍA ROMAUS RICO	Xefa de Departamento, 1º ESO (B, C e D), 3º ESO B e 4º ESO (A e B)
MARÍA RITA FERNÁNDEZ COBELAS	1º ESO A, 2º ESO (A, B, C, D) e 3º ESO A
ANTÍA ÁLVAREZ MOURE	3º ESO C

2. Libros de texto

2º ESO	New Action 2! ESO2 - Burlington Books
4º ESO	New Action 4! ESO4 - Burlington Books

3. Lecturas obrigatorias

2º ESO	Dickens, Charles: <i>A Christmas Carol</i> , Burlington Original Readers. Winston, Emily: <i>All about the USA</i> , Burlington Books, Activity readers
4º ESO	Kendall, Sue: <i>Villains!</i> , Burlington Books, Activity Readers Bram Stoker: <i>Dracula</i> . Burlington Books, Activity Readers

4. Temporalización

A temporalización proposta nesta programación didáctica é flexible e adaptarase aos propios gustos e iniciativas do profesor/a e seus alumnos/as, e á propia evolución do curso.

De media, cada unidade (nove) necesita un mínimo de 9 a 11 sesións de 44 minutos cada unha. Debido a que o calendario escolar vese acurtado polo cambio na avaliación final, é probable que a última unidade só se traballe parcialmente, que quede sen dar ou que se trate como contido de ampliación no mes de xuño.

Temporalización 2º ESO

UNIDADE	Aprox. Nº Sesións	Avaliación
Introduction	6	Primeira
1 School Days	11	Primeira
2 Amazing People	11	Primeira
3 Music Mania	11	Primeira
4 Believe It or Not!	11	Segunda
5 What's the Weather Like?	11	Segunda
6 Healthy Living!	11	Segunda
7 Amazing Animals	10	Terceira
8 Technology Today	10	Terceira
9 What a Future! / Revision	5	Terceira

Temporalización 4º ESO

UNIDADE	Aprox. Nº Sesións	Avaliación
Starter Unit	6	Primeira
1: Curious Places	11	Primeira
2: That's a Laugh!	11	Primeira
3: Anything is Possible!	11	Primeira
4: Keeping it Green	11	Segunda
5: Family and Friends	11	Segunda
6: What a Crime!	11	Segunda
7: Man over Nature	10	Terceira
8: Around the World	10	Terceira
9: People and Products	5	Terceira

4. Criterios de avaliación e cualificación

Partirase dunha **avaliación inicial** coa finalidade de adecuar a ensinanza da materia ó alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe. Os instrumentos e procedementos para levar a cabo esta avaliación inicial serán a observación sistemática dos alumnos na aula durante os primeiros días de clase xunto coa realización dun test de diagnóstico.

O resultado da avaliación de lingua inglesa reflectirá o proceso da **avaliación continua** levado a cabo durante todo o curso e implica que non haberá probas específicas de recuperación, posto que en cada avaliación se terán en conta todos os contidos vistos ata ese momento.

Para superar unha avaliación, a cualificación numérica deberá ser de cinco ou máis puntos sobre 10. Para superar o curso o alumno debe acadar un 5 segundo a seguinte fórmula:

$$\text{Nota final} = \frac{\text{Nota 1ª avaliación} \times 1 + \text{Nota 2ª avaliación} \times 2 + \text{Nota 3ª avaliación} \times 3}{6}$$

En cada unha das avaliacións realizaranse probas obxectivas das catro destrezas básicas dun idioma (Listening, Reading, Writing e Speaking), sen prexuízo de outro tipo de exercicios que o profesor estime oportunos para unha correcta avaliación do alumnado. Non existirán recuperacións da primeira e segunda avaliación, no caso de que o alumno non teña acadado un 5.

Os criterios de cualificación son os que se derivan da ponderación de cada procedemento de avaliación en inclúen probas específicas, observación sistemática e análise das producións do alumnado. A nota en cada trimestre calcularase do seguinte xeito:

Grammar & Vocabulary *O mínimo esixible no exame é o 35%.	40% (1ª e 2ª avaliación)	50% (3ª avaliación)
Reading Comprehension	10%	
Compulsory Reading Book	10% (so na 1ª e 2ª Avaliación)	
Writing	10%	
Listening	10%	
Speaking	10%	
Entrega de traballos, proxectos, traballo diario, actitude, participación.	10%	

No caso de que se descubra a un/a alumno/a copiando nun exame ou traballo, automaticamente terá unha cualificación de 0 nesa proba.

5. Avaliación extraordinaria

Os alumnos que non superasen a materia na convocatoria ordinaria de xuño terán dereito á convocatoria extraordinaria que terá lugar a finais de xuño. Nesta convocatoria os alumnos realizarán un único exame escrito por curso. Dito exame incluírá os contidos, competencias e destrezas adquiridas ó longo de todo o curso, agás a comprensión e a expresión oral, por falta de tempo para avaliar todas as destrezas. O alumno superará a materia se nese exame acadara un 5, cualificándose sobre un máximo de 10.

6. Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Os alumnos de ESO que teñan a materia de Inglés pendente de curso/s anterior/es, serán sempre responsabilidade do profesor do curso no que se atopen matriculados no curso actual. Será polo tanto dito profesor o que se encargue de facer o seguimento do seu traballo dirixido a aprobar a materia pendente ó longo do curso.

O alumnado de 2º, 3º e 4º de ESO que teña a materia pendente, poderán aprobar dita materia se aproban a 2ª avaliación do curso no que están matriculados. A cualificación será a da nota da 2ª avaliación, pero a profesora poderá considerar aprobada a materia a aqueles alumnos que amosaran interese, entregaran os traballos marcados nas datas asignadas e obtiveran unha cualificación mínima de 4 na 2ª avaliación do curso actual.

O alumnado que non chegue a aprobar a materia despois de superar a 2ª avaliación do curso e que non teñan manifestado interese polo programa de reforzo, presentaranse ao exame oficial no mes de maio, e terán que seguir realizando exercicios que lles axuden a superar dita proba. Dita proba escrita terá unha puntuación máxima de 9 puntos, aos que haberá que sumar 1 punto pola realización e entrega dos exercicios mencionados nas datas fixadas.

O alumnado será examinado dos contidos mínimos esixidos no curso no que teñan a materia suspensa (véxase táboa de Estándares de Aprendizaxe na programación completa).